

## **VII CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE OROSO**

*Domingo 27 de abril de 2019*

*Sigüeiro - Oroso*

*A partir das 17:30 horas*

### **REGULAMENTO**

**1.-** As probas disputaranse na localidade de Sigüeiro - Oroso. A saída e chegada de cada proba farase na rúa Camiño Inglés a carón da casa do Concello e o circuíto correspondente a cada categoría estará debidamente sinalizado.

**2.-** Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

**3.-** A inscrición da proba absoluta (de Sub 20 a máster) poderá realizarse nas webs [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal) con data límite: mércores 23 de abril ás 23:59 horas.

A inscrición das carreiras escolares (de pitufo a Sub 18) farase tamén a través das páxinas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal) debendo rellenar o formulario de inscrición (data límite: mércores 24 de abril ás 23:59 horas).

### **PREZOS DA INSCRICIÓN**

**CATEGORIAS ESCOLARES (de pitufo a Sub 18 incluídos):**

**GRATUITA**

**PROBA ABSOLUTA (de Sub 20 a Máster incluídos):**

**5 € por participante**

\* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago das páxinas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com). Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono 981 291 799 ou no em@il [santiago@atletismo.gal](mailto:santiago@atletismo.gal). Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da carreira.

**4.-** Os dorsais retiraranse nas oficinas do Centro Deportivo o venres 26 de abril de 10:00 a 14:00 ou de 16:00 a 22:00 horas (opción recomendable especialmente para atletas locais que deberán tentar recollelo o día anterior). O día da proba os dorsais recolleranse no Centro Civico situado a carón da saída da proba. Haberá prazo límite de 30 minutos antes de cada proba correspondente.

## **5.- PREMIOS**

Recibirán trofeos os 3 primeiros clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento, masculino e feminino e tamén os tres primeiros absolutos masculino e feminino.

Nas categorías prebenxamín e pitufo recibirán medallas e agasallos todos/as os participantes pero non haberá trofeos, xa que estas categorías non serán competitivas.

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos. A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.

Establécense tamén 3 premios en metálico para os tres primeiros clasificados da categoría absoluta masculina e feminina.

As cuantías son as seguintes e os pagos serán xestionados a través da Federación Galega de Atletismo:

***1º Clasificado/a: 200 €***

***2º Clasificado/a: 100 €***

***3º Clasificado/a: 50 €***

Todos os participantes recibirán tamén un agasallo como recordo da proba.

**6.-** Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito correcto na zona anterior do corpo, será automaticamente descalificado.

**7.-** Os participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da súa proba.

**8.-** Os atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

**9.-** Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

**10.-** O horario das saídas poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.

**11.-** Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta en vigor.

## 12.- Categorías e horarios

	CATEGORÍA	IDADE	HORA	DISTANCIAS
<b>MENORES</b>	<b>Pitufo</b>	Nados 2014 e posteriores	18:30	300 mt.
	<b>Prebenxamín</b>	Nados/as en 2012-2013	18:40	300 mt.
	<b>Sub10</b>	Nados/as en 2010-2011	18:50	1.000 mt.
	<b>Sub12</b>	Nados/as en 2008-2009	19:00	2.000 mt.
	<b>Sub14</b>	Nados/as en 2006-2007	19:15	2.000 mt.
	<b>Sub16</b>	Nados/as en 2004-2005	19:30	3.000 mt.
	<b>Sub18</b>	Nados/as en 2002-2003	19:45	3.000 mt.
<b>ABSOLUTA</b>	<b>Sub20</b>	Nados/as en 2000-2001	17:30	10.000 mt.
	<b>Sub23</b>	Nados/as en 1997-1998-1999	17:30	10.000 mt.
	<b>Senior</b>	Nados/as en 1996 ata 1985	17:30	10.000 mt.
	<b>Máster 1</b>	Nados/as en 1984 ata 1979	17:30	10.000 mt.
	<b>Máster 2</b>	Nados/as en 1978 ata 1970	17:30	10.000 mt.
	<b>Máster 3</b>	Nados/as en 1969 ata 1960	17:30	10.000 mt.
	<b>Máster 4</b>	Nados/as a partir do ano 1959	17:30	10.000 mt.
<b>ENTREGA DE PREMIOS A PARTIR DAS 20:00</b>				

### OUTRAS DISPOSICIÓN

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

**ASISTENCIA MÉDICA:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**LOPD:** Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.